



PLAN DE ENSINO VIRTUAL

CEIP Plurilingüe SOBREIRA- VALADARES

Segundo o establecido na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, o centro educativo desenvolverá o presente plan para dar un marco de referencia a toda a comunidade educativa ante posibles acontecementos derivados da situación sanitaria actual.

O obxecto principal deste plan é ofrecer unha folla de ruta e actuación conxunta para alumnado, profesorado e familias no caso de corentenas ou confinamentos. Esta elabórase en base a criterios pedagóxicos e didácticos, que permitan a continuidade do proceso formativo, a comunicación permanente e a seguridade de contribuír ao proceso de aprendizaxe de todo o alumnado. O noso centro contempla nas súas Programacións Didácticas e nos protocolos pola crise sanitaria, o emprego de ferramentas tecnolóxicas, recursos materiais e metodolóxicos e un proceso de avaliación continuo en calquera dos posibles tres escenarios derivados da situación sanitaria actual: a distancia, semi-presencial e presencial.

Para a súa posta en marcha, no centro realizamos diferentes accións que permitan un achegamento real ás posibles situacións:

- Formación tecnolóxica en plataformas corporativas (aula virtual e videoconferencia) de alumnado e profesorado.
- Actualización de recursos tecnolóxicos para o seu uso por parte do alumnado e profesorado.
- Coordinación entre o profesorado para un avance conxunto e sólido nos procesos de aprendizaxe
- Información ás familias e habilitación de canais dixitais de comunicación con elas.

“ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS Á NOVA SITUACIÓN SANITARIA”

As programación didácticas inclúen a relación de actuacións e aprendizaxes previstas para o curso coa excepcionalidade marcada pola pandemia da COVID-19.

As programacións serán tratadas con flexibilidade en canto aos obxectivos propostos, de maneira que ao longo do curso trataremos de priorizar aqueles estándares que faciliten ao alumnado a promoción ao seguinte curso co maior desenvolvemento posible.

PLAN DE CONTINXENCIA

- No caso de producirse confinamento xeral, ou unha corentena do grupo.

Iniciaremos a “teledocencia”. A Aula Virtual será o medio polo que nos comunicaremos co alumnado para o intercambio de tarefas, sempre e cando:

- dese tempo a formalo suficientemente (hai que ter en conta que son nenos e nenas de 10 anos), e
- consideremos que resulta doado e operativo para as familias.

De non ser posible o uso da Aula Virtual, empregaremos a web do cole e o correo electrónico. Método e vías de comunicación que xa empregamos nos meses do primeiro confinamento, na primavera de 2.020. Para tratar sempre de facilitarlle ás familias o seguimento das clases dos seus fillos.

Comezaremos a familiarizar ao alumnado no manexo na AV (aula virtual). Aproveitando mentras estamos nunha situación de actividade lectiva con docencia presencial; para practicar co alumnado.

Por suposto, teremos en conta os medios dos que dispoñan, xa que non todos contan con conexión a internet, ordenador, tablet..., e neses casos trataríamos de proporcionarlles outra alternativa (correo ordinario, axudas de institucións como o Concello ou Cruz Vermella...).

- No caso de producirse unha corentena parcial, de determinados alumnos do grupo.

Fariamos unha combinación de traballo na aula e tarefas programadas para os días nos que o alumnado tivera que quedar na casa.

O contacto e seguimento do alumnado en corentena será a través da AV; sempre e cando:

- dese tempo a practicar e formar ao alumnado suficientemente, e
- consideremos que resulta doado e operativo para as familias.

De non ser posible o uso da Aula Virtual, empregaremos a web do cole e o correo electrónico. Método e vías de comunicación que xa dominan porque empregamos nos meses do primeiro confinamento, na primavera de 2.020.